



| Guía Docente          |   |                    |           |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |           | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Investigación e innovación en didáctica das ciencias  | Código             | 652513209 |          |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Didácticas Específicas  |                    |           |          |
| Descritores           |   |                    |           |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo      | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Optativa  | 3        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |           |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |           |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |           |          |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica   |                    |           |          |
| Coordinación          |   | Correo electrónico |           |          |
| Profesorado           |   | Correo electrónico |           |          |
| Web                   |   |                    |           |          |
| Descrición xeral      |   |                    |           |          |
| Plan de continxencia  | 1. Modificacións nos contidos<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br><br>4. Modificacións na avaliación<br><br>*Observacións de avaliación:<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía |                    |           |          |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A6                     | Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación.   |
| A7                     | Capacidade de aplicar coñecementos teóricos relativos ás Didácticas Específicas, tanto á investigación como á innovación e a avaliación.   |
| A10                    | Coñecer os fundamentos teóricos que sustentan a investigación e innovación no ámbito das Didácticas Específicas  |
| A11                    | Coñecer, comprender e utilizar a linguaxe científica e aplicala correctamente nas distintas formas de expresión e comunicación   |
| A12                    | Identificar as principais liñas de investigación e innovación e a súa evolución nas Didácticas Específicas.  |
| A14                    | Coñecer diferentes tipos de metodoloxía que se empregan na investigación educativa considerando a súa pertinencia para a resolución de problemas concretos   |
| A15                    | Identificar criterios de calidade e control, tanto na investigación como na práctica docente, fomentando o espírito crítico, reflexivo e innovador.  |
| A18                    | Recoñecer a investigación e a innovación aplicada ás ciencias da educación como ferramenta continua de innovación e mellora educativa e social.  |
| B1                     | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación  |
| B2                     | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |



|     |  |
|-----|--|
| B3  | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4  | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.   |
| B5  | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permita continuar estudando dun modo que terá que ser en boa medida autodirixido ou autónomo.  |
| B6  | Capacidade de análise e síntese.   |
| B8  | Traballar de forma autónoma e con iniciativa.  |
| B9  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B10 | Capacidade de organización e planificación en ámbitos educativos disciplinares e interdisciplinares.   |
| B12 | Comportarse con ética e responsabilidade social e ambiental como docente e/ou investigador.  |
| B15 | Ter capacidade para actualizar os coñecementos, as metodoloxías e as estratexias na práctica docente.  |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.                                       |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade   |

| Resultados da aprendizaxe  |                            |                            |            |
|--|----------------------------|----------------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título     |                            |            |
| Coñecer os diferentes marcos teóricos que orientan a investigación e innovación na ensinanza científica  | AP10<br>AP14<br>AP18       | BP1<br>BP6<br>BP12<br>BP15 | CP6<br>CP8 |
| Identificar, analizar e valorar os problemas que suscitaron as principais correntes de investigación na ensinanza das ciencias e a súa evolución | AP7<br>AP11<br>AP12        | BP3<br>BP4<br>BP5<br>BP9   | CP3<br>CP7 |
| Apreciar as características de investigacións e innovacións en contextos científicos diversos e diseñar propostas específicas                    | AP6<br>AP7<br>AP14<br>AP15 | BP2<br>BP3<br>BP8<br>BP10  | CP1<br>CP4 |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| 1. Plantexamentos teóricos sobre a ensinanza e aprendizaxe das Ciencias | 1.1. Finalidades da educación científica nos niveis educativos elementales, tendencias actuais.<br>1.2. As competencias profesionais do docente de ciencias: Que debe saber e saber facer o profesor.                                  |
| 2. Correntes de investigación en Didáctica das Ciencias                 | 2.1 O pensamento do alumnado: concepcións alternativas, modelos mentais, compoñentes afectivos.<br>2.2 O pensamento do profesorado: concepcións e crenzas sobre a Ciencia a a súa ensinanza, decisións sobre que/como ensinar/avaliar. |



|   |   |
|---|---|
| 3. A investigación e a innovación en contextos concretos del ámbito científico en educación Infantil y Primaria | 3.1 A Investigación na aula de Infantil e Primaria. A investigación-acción. Características e exemplificacións<br>3.2 Deseño de propostas específicas. Elaboración de proxectos |
|---|---|

| Planificación                 |   |                   |   |              |
|-------------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais          | A18 B3 B6 C6  | 1                 | 0   | 1            |
| Aprendizaxe colaborativa      | A7 A11 A12 A15 A18<br>B2 B3 B4 B6 B9 B10<br>C1 C3 C4 C6 | 9                 | 13.5                                      | 22.5         |
| Sesión maxistral              | A6 A10 A12 A14 A18<br>B1 B15 C7                         | 10                | 10  | 20           |
| Análise de fontes documentais | A6 A12 A15 B4 B8 C6<br>C8                               | 0                 | 5   | 5            |
| Proba mixta                   | A7 A10 A11 A12 A14<br>B6 C1                             | 1                 | 0   | 1            |
| Traballos tutelados           | A6 A7 A10 A11 A12<br>A14 A15 A18 B2 B5<br>B8 B10 B12 C1 | 0                 | 23.5                                      | 23.5         |
| Atención personalizada        |   | 2                 | 0   | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Actividades iniciais          | Actividades que se levan a cabo como presentación da materia, a fin de coñecer as competencias, saberes, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar,  |
| Aprendizaxe colaborativa      | Actividades de ensino-aprendizaxe guiadas de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Sesión maxistral              | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e co plantexamento de exemplificacións e preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.   |
| Análise de fontes documentais | Actividade que supón a utilización de documentos bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.  |
| Proba mixta                   | Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.   |
| Traballos tutelados           | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados de investigación e innovación no ámbito da educación científica.  |

| Atención personalizada |  |
|------------------------|--|
| Metodoloxías           | Descrición   |
| Traballos tutelados    | Programaranse sesións de seguimento coa finalidades de dirixir e orientar o traballo autónomo dos alumnos/as |

| Avaliación   |              |            |               |
|--------------|--------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |



|                     |   |  |    |
|---------------------|---|--|----|
| Traballos tutelados | A6 A7 A10 A11 A12<br>A14 A15 A18 B2 B5<br>B8 B10 B12 C1 | O Traballo tutelado servirá para obxectivar os coñecementos e as habilidades adquiridas polo alumnado nas actividades que se fixeron ao longo do desenvolvemento da materia. Valorarase a inclusión de aspectos relevantes e a capacidade analítica e interpretativa do estudante respecto ás situacións planteaxadas. Se o estudante asistiu alomenos ao 80% das clases presenciais, a nota do traballo será o 100% da cualificación final. | 50 |
| Proba mixta         | A7 A10 A11 A12 A14<br>B6 C1                             | Realizarase só se o alumno non chega ao 80% de asistencia e ten por obxecto avaliar os aspectos traballadas nas clases presenciais.  | 50 |

### Observacións avaliación

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria. Cada alumno entregará, unha vez rematadas as clases presenciais, o traballo realizado (100% da cualificación).

Se o estudante non chega a unha asistencia do 80% das clases presenciais, deberá ser avaliado ademais de polo traballo, por unha proba individual. Neste caso, os dous ítemes da avaliación (traballo e proba individual) terán unha ponderación do 50%, esixíndose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10.

Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberán poñelo en coñecemento do profesor a primeira semana de clase. Ademais da proba individual, terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos que se propoñan nas clases e entregalos nas datas que estableza o profesorado.

### Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Abell, S. Research on Science Teacher knowledge. In Abell, S.K. y Lederman, N.G. 2007. Handbook of Research on Science Education. N.J. :Lawrence Erlbaum Associates Inc<br>Cañas, A., Martín-Díaz, M.J., Nieda, J. (2007). Competencias en el conocimiento y la interacción con el mundo físico. La competencia científica. Alianza Editorial.<br>Madrid De Vecchi, G. y Giordan, A (2006). Guía práctica para la enseñanza científica. Sevilla: Díada Furió, C. et al. (2006). Las ideas alternativas sobre conceptos científicos: tres décadas de investigación. Resultados y perspectivas. Alambique, 48, 66-77<br>Martí, J (2012). Aprender ciencias en la educación primaria. Barcelona: Graó<br>Martín del Pozo (coord.) (2013). Las ideas científicas de los aluumnos y alumnas de primaria: tareas, dibujos y textos. Madrid: Universidad Complutense<br>Pedrinaci, E. y otros (2012.). 11 ideas clave. El desarrollo de la competencia científica.. Barcelona: Graó<br>Porlán, R. et al. (2010). El cambio del profesorado de Ciencias I: Marco teórico y formativo. Enseñanza de las Ciencias, 28 (1), 31-46.<br>Porlán, R. et al. (2011). El cambio del profesorado de ciencias II: itinerarios de progresión y obstáculos en estudiantes de magisterio. Enseñanza de las Ciencias 29(3):353-370 |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | Revistas especializadass: Alambique - Aula de Innovación educativa - Enseñanza de las Ciencias - Eureka - Investigación en la Escuela. Students' and Teachers' Conceptions and Science Education.<br><a href="http://www.ipn.uni-kiel.de/aktuell/stcse/stcse.html">http://www.ipn.uni-kiel.de/aktuell/stcse/stcse.html</a>  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías